

Tiñamos unha lingua para amar,<sup>nas</sup>  
bebera auga de rosas nos poetas<sup>os</sup>  
do medievo lonxincuo, as más selectas  
cantigas de dicir e namorar.<sup>nas</sup>

Soubemos as palabras de voar,  
heranza das primeiras bolboretas  
que zugaron na terra as cousas netas  
antes de que estivese suxo o ar.

Apousamos nos labios tanta vida,  
gardamos no querer tanta semente  
mollada polo cuspe dos avós,<sup>so</sup>  
que arrestora xermina ben cumplida,  
áinda que aquel sol estea ausente.  
É tempo de falarmos: somos nós.<sup>os</sup>

O mundo era unha praia e ti volvías  
de percorrer a nado o firmamento:  
ecos doutras galaxias coma un vento  
constelado de voces, profecías,  
*sempre na realidade que é mais forte.*  
palabras como raios me traías,  
velocidade en luz de tempo lento,  
talismáns como estrelas de contento,  
siderais aves brancas, cotovías,  
*porque a perda é a força e o resorte.*  
cabelos de cometa alporizados,  
sons de luceiros, sons extraviados,  
cósmico po, astral orballo aceso,  
*abrigado a beira e mais ao engano.*  
xasmíns de sol , planetas isolados,  
estraños alieníxenas varados  
do fondo do teu ser, jai, tanto peso!  
*a unha cordura que mo faga dano.*

Que ti andas na terra e es a morte  
e é a túa materia a mesma vida,  
degrañada nos soños e moída  
sempre na realidade que é más forte.

Ouh, poema, engado, pasaporte  
para o país da nada presentida,  
onde todo é ausencia desmedida  
porque a perda é a força e o resorte.

Aínda así non me negues o teu peito,  
que te quero de carne e lúa chea,  
alugado a beleza e mais ao engano.

Non me deixes no mundo que é estreito,  
que prefiro unha dor que me tolea  
a unha cordura que me faga dano.